



Este sábado pola tarde tivo lugar a presentación das propostas electorais do Centro Democrático Liberal (DCL) cara ás eleccións autonómicas do vindeiro 21 de outubro. O acto tivo lugar no Centro Neural de Gondomar coa presenza de máis dun centenar de seguidores. Natalia Salgueiro (Gondomar), Xermán Cordero (A Guardia), Emily Vicente (Tomiño), Darío Dos Santos (Gondomar) e máis María José García (Vigo), presentaron as diversas iniciativas centristas nos eidos municipal, social, rural, e político, cara a obter o respaldo da cidadanía nas urnas. José Palacín, presidente federal do CDL e candidato á presidencia da Xunta, pechou a xuntanza cun aberto chamado á participación dos cidadáns nos comicios.

{youtube}esj1rkvaFPY&feature{/youtube} Logo dunha presentación da concelleira gondomareña Natalia Salgueiro das políticas municipais desenvolvidas polo CDL nos diversos concellos nos que ten representación, o gardés, Xermán Cordero salientou as carencias que en materia de política social caracterizan ao actual goberno autonómico do PP. A tomiñesa Emily Vicente centrou a súa participación na necesidade de novas políticas que atendan á actividade rural pola súa importancia nas economías familiares. Nomeadamente responsabilizou aos baixos prezos dos produtos agrícolas e leiteiros, así como ás deficiencias nas negociacións do goberno español na UE, da desmotivación da xente para envorcarse á actividade rural.

{youtube}zUJYHSm9-8c{/youtube}

Seguidamente, María José García, actual Presidenta do CDL Vigo criticou os privilexios da "casta política", e afirmou que "algunhas deputacións semellan monarquías hereditarias".

{youtube}_lwfCyQsv4w{/youtube}

{youtube}YMPJuiHNd0w{/youtube}

Pechou o acto José Palacín (candidato nº1 por Pontevedra) quen defendeu que o Centro Democrático Liberal non é un partido minoritario posto que as súas ideas e propostas son "asumidas por unha inmensa maioría da cidadanía, só hai que facelas visibles á sociedade civil".

Explico que hai que devolver á cidadanía o "protagonismo do seu destino" porque a día de hoxe o futuro das persoas está en mans dos "mercados inhumanos e da partidocracia incongruente".

Palacín acusou a Mariano Rajoy de meter "ao lobo da Trioka en casa" coa escusa do rescate das entidades financeiras e que a acción deste organismo está encamiñada a controlar as

Escrito por Alvaro Peralta
Luns, 01 Outubro 2012 18:30

contas do Estado e que isto acabará "afectando ás nosas vidas a través da liquidación da sociedade do benestar".

Pero sobre todo tivo palabras moi enérxicas para moitas das áreas de xestión do PP e o anterior bipartito á fronte da Xunta. Nese senso e como contrapartida expuxo as propostas do CDL en ordenación territorial, sanidade, educación, medio ambiente, calidade democrática e economía. Finalmente chamou aos galegos a participar decididamente no acto electoral, única forma -resaltou- de darlle sentido á democracia.